



PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROGRAMA QUÉDOME CON SIMONA	BASES

Primeira.- Obxecto.

A Concellería de Igualdade do Concello de Redondela organiza o Programa *Quédome con Simona*, coa finalidade de proporcionar un recurso socio comunitario de apoio ás familias redondelás que favorece a conciliación de responsabilidades familiares e laborais.

Un dos obxectivos deste servizo é priorizar ás mulleres en situación de desemprego para a realización de accións formativas, así como as familias monoparentais ou as vítimas de violencia de xénero intentando favorecer a vida laboral, familiar e persoal e, de xeito transversal, favorecer tamén ao comercio local na época de Nadal facilitando os horarios de compra nos establecementos.

Este Programa oferta a atención a menores por parte de persoal especializado en ocio e tempo libre.

Con este servizo as persoas interesadas terán liberdade de entrada e saída segundo as súas necesidades.

Segunda.- Temporalización, ubicación e número de prazas.

O servizo prestarase dende o 2 de novembro de 2022 ata o 5 de xaneiro de 2023, de luns a venres, os días hábiles entendéndose como tales os acollidos na normativa correspondente pola que se establece o calendario laboral oficial para o ano en curso e sucesivos no ámbito do concello de Redondela.

O programa desenvolverase en horario de 16:00 a 20:00 horas no Multiúsos da Xunqueira de Redondela. O servizo poderá solicitarse polo tempo que sexa necesario, respectando o intervalo horario de prestación do mesmo, ata cubrir un máximo de 15 prazas. Este servizo consiste nunha axuda dinámica e puntual, polo que non se pode empregar para un uso continuado salvo causa xustificada e aceptada polo Concello de Redondela.

O Concello de Redondela resérvase o dereito á modificación do número de prazas por motivos de organización do Programa.



CONCELLO DE REDONDELA

Terceira.- Poboación destinataria.

Unidades familiares con necesidade de conciliación que teñan menores con idades comprendidas entre os 3 e 16 anos.

Cuarta.- Requisitos a cumprir.

Para poder solicitar o servizo deberanse cumprir algunha das seguintes casuísticas: motivos laborais, participación en cursos de formación para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral, realización de entrevistas de traballo, situacións puntuais de emerxencia familiar, obrigación de acudir a citas de ámbito xudicial, psicolóxico, social, sanitario ou educativo ou participación en actividades de participación social.

As solicitudes deberán ser tramitadas polas unidades familiares que precisan o Programa, dando prioridades ás vítimas de violencia de xénero, familias monomarentais ou monoparentais, mulleres en situación de desemprego para a realización de accións formativas ou busca de emprego ou mulleres maiores de 45 anos ou unidades familiares nas que existan cargas relacionadas co coidado.

Quinta.- Inscripción.

A inscrición realizarase no Centro de información á muller (CIM) do Concello de Redondela de maneira presencial. No caso de quedar vacantes, a inscrición poderase realizar no momento de precisar o servizo directamente no Multiúsos da Xunqueira.

As persoas proxenitoras ou titoras legais do/a menor, asinarán coa inscrición a aceptación destas bases polas que se rexe o Programa.

Sexta.- Documentación.

O CIM resérvase o dereito de solicitar, segundo o considere oportuno, xustificantes ou documentación que outorgue prioridade á persoa solicitante.

Sétima. Desenvolvemento das actividades.

As actividades desenvolveranse cun enfoque educativo. Prohibirase a entrada á aula de aparellos electrónicos (tales como tabletas, móbiles ou videoconsolas) ou xoguetes propios da/do menor.



Oitava.- Obriga das familias.

Os teléfonos de contacto recollidos na ficha de inscrición deberán estar sempre en modo operativo dende o momento da presentación da solicitude ata o remate da participación no Programa.

A/O menor unicamente poderá saír con algunha das persoas autorizadas para tal efecto na ficha de inscrición no apartado *Persoas autorizadas para a recollida da/o menor*.

A/O menor poderá acudir con merenda se a familia o considera preciso.